

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**2780** *ORDE APA/373/2006, do 13 de febreiro, pola que se modifica a Orde APA/943/2003, do 16 de abril, pola que se desenvolven e concretan determinados aspectos do Regulamento (CE) 2182/2002 da Comisión, en relación coas accións de reconversión financiadas polo Fondo Comunitario do Tabaco. («BOE» 41, do 17-2-2006.)*

O Regulamento (CEE) n.º 2075/92 do Consello, do 30 de xuño de 1992, polo que se establece a organización común de mercados no sector do tabaco cru, regula o Fondo Comunitario do Tabaco e determina que este fondo financie accións específicas de apoio ao desenvolvemento de iniciativas de reconversión dos produtores de tabaco cara a outros cultivos ou actividades económicas creadoras de emprego, así como estudos sobre as posibilidades de reconversión dos produtores de tabaco cara a outros cultivos ou actividades.

O Regulamento (CE) n.º 2182/2002 da Comisión, do 6 de decembro de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 2075/92 do Consello no que se refire ao Fondo comunitario do tabaco, motivou a necesidade de ditar a Orde APA/943/2003, do 16 de abril, pola que se desenvolven e concretan determinados aspectos do Regulamento (CE) 2182/2002 da Comisión, en relación coas accións de reconversión financiadas polo Fondo comunitario do tabaco.

O citado Regulamento (CE) n.º 2182/2002, foi modificado polo Regulamento (CE) n.º 1881/2005 da Comisión, do 17 de novembro de 2005, polo que resulta necesario modificar a Orde APA/943/2003, do 16 de abril, co fin de concretar e desenvolver determinados aspectos do Regulamento (CE) n.º 1881/2005.

A recente publicación do Regulamento (CE) n.º 1881/2005 e a necesidade de establecer dun modo inmediato determinados prazos e requisitos que deben ser tidos en conta polos participantes no réxime de axudas, son circunstancias que xustifican o recurso excepcional a esta orde.

A elaboración desta norma foi sometida a consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas do sector.

Na súa virtude, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación da Orde APA/943/2003, do 16 de abril, pola que se desenvolven e concretan determinados aspectos do Regulamento (CE) 2182/2002 da Comisión, en relación coas accións de reconversión financiadas polo Fondo Comunitario do Tabaco.*

A Orde APA/943/2003, do 16 de abril, pola que se desenvolven e concretan determinados aspectos do Regulamento (CE) 2182/2002 da Comisión, en relación coas accións de reconversión financiadas polo Fondo Comunitario do Tabaco, queda modificada como segue:

**Un.** O punto 1 do artigo 3, substitúese polo texto seguinte:

«1. Os beneficiarios das accións recollidas no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2182/2002, serán os produtores de tabaco cru, titulares dunha cota de produción de tabaco para a colleita 2005 de conformidade co artigo 24 do Regulamento (CE) 2848/98, situados nunha rexión en que se aplique o título IV, capítulo 10 quáter do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, e que se compro-

metan, como máis tarde, o 15 de febreiro de 2006, a renunciar ao dereito á axuda á produción de tabaco cru prevista no dito capítulo, a partir da colleita de 2006.

A posibilidade de presentar unha solicitude para acollerse á axuda do Fondo quedará limitada ao ano 2006.»

**Dous.** O artigo 4 substitúese polo texto seguinte:

«1. O importe total da axuda comunitaria concedida será a definida no artigo 16.1 do Regulamento (CE) n.º 2182/2002. Así mesmo, a axuda total por produtor para o conxunto de accións recollidas no artigo 13 do dito regulamento, está definida no seu artigo 16.3.

2. O importe acumulado da axuda comunitaria por produtor para o conxunto das accións recollidas no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2182/2002 queda fixado do xeito seguinte:

a) o triplo do importe da prima de 2005 para as cantidades de tabaco cru da cota á cal tiña dereito de conformidade co artigo 24 do Regulamento (CE) n.º 2848/98 para a colleita de 2005 ata 10 toneladas inclusive;

b) o dobre do importe da prima de 2005 para as cantidades de tabaco cru da cota á cal tiña dereito de conformidade co artigo 24 do Regulamento (CE) n.º 2848/98 para a colleita de 2005 por enriba das dez toneladas ata as 40 toneladas inclusive;

c) o importe da prima de 2005 para as cantidades de tabaco cru da cota á cal tiña dereito de conformidade co artigo 24 do Regulamento (CE) n.º 2848/98 para a colleita de 2005 por enriba das 40 toneladas.»

**Tres.** O punto 1 do artigo 5 substitúese polo texto seguinte:

«1. As accións individuais subvencionables destinadas á reconversión dos produtores de tabaco serán as recollidas no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2182/2002. De conformidade co indicado no artigo 16 do citado regulamento, as accións recollidas nas letras a) e c) terán unha limitación na axuda do 75 por cento dos gastos subvencionables, podendo chegar o importe da axuda ao 100 por cento do investimento, no caso das accións recollidas na letra b). O importe da axuda comunitaria total por produtor non poderá adiantar os límites establecidos no punto 3 do artigo 16 do Regulamento 2182/2002.»

**Catro.** O punto 1 do artigo 6 substitúese polo texto seguinte:

«1. Os produtores que reúnan as condicións especificadas no artigo 3.1 desta orde poderán dirixirle ao órgano competente da comunidade autónoma onde radica a súa explotación, antes do 15 de marzo de 2006, unha solicitude de axuda con cargo ao Fondo para o dito ano 2006, por calquera das canles previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que deberá conter, cando menos, a información prevista no anexo desta orde.

A solicitude xuntaránselle os documentos xustificativos que acrediten os datos incorporados a esta.»

**Cinco.** O punto 1 do artigo 7 será substituído polo texto seguinte:

«1. As comunidades autónomas produtoras de tabaco elaborarán e remitiránlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 15 de abril de cada ano, un plan provisional de financiamento das solicitudes presentadas, diferenciado por tipo de acción.»

**Seis.** Engádesse un novo punto 1 ao artigo 8 co texto seguinte:

«1. Para seleccionar os proxectos presentados coas solicitudes de accións de reconversión recollidas no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2182/2002 e correspondentes ao ano 2006, deberánse ter en consideración os criterios de prioridade seguintes:

a) As accións individuais que sexan viables nos seus aspectos técnicos e económicos, e ambientalmente sustentables.

b) Os investimentos agrarios localizados na mesma zona produtora de tabaco.

c) Os investimentos que xeren máis emprego, coa mellor relación de man de obra fixa e eventual, en horas/ano, respecto do orzamento.

d) As iniciativas conxuntas de varios produtores para un mesmo proxecto.

Ademais, as comunidades autónomas poderán definir e establecer outros criterios obxectivos de prioridade, de conformidade coas necesidades reais das zonas produtoras.»

Sete. Os actuais puntos 1, 2 e 3 do artigo 8 toman a numeración 2, 3 e 4, respectivamente.

Oito. O artigo 9 substitúese polo texto seguinte:

«Os proxectos executaranse nun prazo de dous anos a partir da data en que se lle notificase ao beneficiario a aprobación do proxecto. Non obstante, este prazo poderá ampliarse en seis meses.»

Nove. No artigo 11 inclúese un novo punto 3 coa seguinte redacción:

«3. En caso de irregularidade deliberada e distinta do incumprimento do compromiso recollido no punto 1 deste artigo, o solicitante dunha axuda en virtude dos artigos 13 e 14 aboará un importe igual ao importe obxecto da solicitude de intervención. Esta suma aboarase na conta do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria (FEOGA).»

Dez. O actual punto 3 do artigo 11 pasa a ser punto 4.

Once. A «Disposición derradeira única. Colleita 2003», suprímese.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de febreiro de 2006.

ESPINOSA MANGANA

## ANEXO

**MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS POR ACCIÓNS INDIVIDUAIS  
DE RECONVERSIÓN PARA 2006 (FONDO COMUNITARIO DO TABACO)**

**1. DATOS DO SOLICITANTE:**

Apelidos e nome ou razón social:		NIF/CIF	
Domicilio	Localidade	C.P.	Provincia
Termo municipal explotación:	Termo (INE)	Provincia (INE)	CC.AA.
Datos colleita 2005		Cota: ..... Grupo .....	

**2. DESCRICIÓN DO PROXECTO DE INVESTIMENTO****3. CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO:****A. LOCALIZACIÓN DO INVESTIMENTO:**

Termo municipal

Provincia:

Comunidade autónoma:

<b>B. DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO:</b>		
<b>TIPO DE INVESTIMENTO</b>	<b>DETALLES</b>	<b>ORZAMENTO (€)</b>
<b>1. IMPLANTACIÓN DE CULTIVOS ARBÓREOS INTENSIVOS:</b>		
Novas plantacións:	Tipo de cultivo: Superficie (ha):	
<b>2. CULTIVOS DE REGADÍO:</b>		
a) Modernización e racionalización das explotacións existentes:	Superficie (ha):	
b) Invernadoiros con sistemas tecnolóxicos:		
- Novos invernadoiros:	Superficie (ha): Sistema:	
- Modernización dos existentes:	Superficie (ha): Sistema:	
- Adquisición de maquinaria e equipos:	Tipo de maquinaria e equipos:	
<b>3. INSTALACIÓNS DE PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN AGRÍCOLA:</b>		
Novas instalacións:	Tipo: Capacidade	
Modernización e adecuación das existentes:	Tipo: Capacidade:	
Equipos para a elaboración, transformación e comercialización do produto:	Tipo: Capacidade:	
<b>4. DIVERSIFICACIÓN DE ACTIVIDADES:</b>		
Reestruturación das instalacións para agroturismo:	Número: Sistemas e equipos:	
Reestruturación de instalacións para actividades artesanais	Número: Sistemas e equipos:	
Maquinaria e equipos para actividades artesanais	Tipo de maquinaria e equipos:	
Relacionadas con actividades de tempo libre	Tipo de investimento:	
Instalacións de acampada	Número (tendas, caravana, etc., servizos relacionados): Tipo: Clasificación:	
Turismo ecuestre	Nº de cabezas:	
Outras actividades		
<b>Total investimento</b>		

**4. IMPACTO SOBRE O EMPREGO:**

	<b>OCUPACIÓN NO CULTIVO DE TABACO</b>	<b>OCUPACIÓN NA NOVA ACTIVIDADE</b>
Unidades de traballo a tempo parcial (expresado en número de horas por ano)		
Unidades de traballo a tempo total (expresado en número de horas por ano)		